

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN.

### REUNIDAS

Dunha parte, Dna. Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, de 14 de abril, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de Presidenta da mesma, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, en relación co artigo 2.b.1 do Decreto 49/2022, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia;

e da outra, Dna. Sonia Rodríguez-Campos González, directora da Escola Galega de Administración Pública (en adiante, EGAP), nomeada polo Decreto 146/2012, do 12 de xullo (DOG nº 134 do 13 de xullo), actuando en nome e representación da EGAP, en virtude das facultades que lle confire o artigo 9 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP;

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o seguinte convenio de colaboración, e

### EXPOÑEN

**PRIMEIRO.** Que a EGAP é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins.



**SEGUNDO.** Que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

**TERCEIRO.** Que Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18 de novembro) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro (DOG núm. 9, do 13 de xaneiro), polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

**CUARTO.** A Resolución da Dirección da Escola Galega de Administración Pública, do 10 de maio de 2023 (DOG núm. 96, do 23 de maio), pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas establece na base primeira, puntos 2 e 3 que, tendo en conta os convenios que se subscriban para este efecto, poderá participar nas actividades que convoque a EGAP o persoal ao servizo doutras entidades, organismos e empresas públicas, así como as persoas pertencentes a outros colectivos de interese para a Administración, cando así se estableza nas respectivas convocatorias.

**QUINTO.** Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo, divulgador e investigador a través deste convenio.

En virtude do exposto e recoñecéndose ambas as dúas partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes



## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto deste convenio entre a EGAP e Augas de Galicia é a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das institucións asinantes do mesmo; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativos de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de ambas as dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

### SEGUNDA. Actuacións

As modalidades de colaboración consistirán en:

- a) A participación nas actividades da EGAP do persoal dependente de Augas de Galicia, que fará a selección do referido persoal para cada actividade concreta de conformidade co disposto na Resolución da Escola Galega de Administración Pública do 10 de maio de 2023 (DOG núm. 96, do 23 de maio), corrección de erros (DOG núm. 130, do 10 de xullo, e DOG núm. 148, do 4 de agosto de 2023), selección que comunicará á EGAP.
- b) A realización conxunta de cursos, xornadas, seminarios e outras actividades de divulgación.
- c) A edición conxunta de libros, outras publicacións e documentos de traballo. Ambas as dúas institucións comprométense a remitir un exemplar das súas publicacións periódicas á Biblioteca da outra, para a súa difusión.
- d) A promoción da actividade investigadora de ambas as dúas institucións mediante proxectos de investigación conxuntos.
- e) Cantas outras sexan consideradas de interese común, dentro da competencia e dispoñibilidade das partes, en relación á actividade obxecto deste convenio.



### TERCEIRA. Procedemento de definición da acción formativa

1. En aplicación do previsto na Resolución do 19 de novembro de 2008 pola que se establecen o procedemento e os requisitos de homologación de accións formativas por parte da Escola Galega de Administración Pública (DOG do 3 de decembro), as entidades promotoras de accións formativas deberán remitir ao Servizo de Programación das actividades de Formación da EGAP con dous meses de anticipación ao inicio da acción formativa unha **memoria explicativa** na que se faga referencia aos seguintes extremos:

A. Indicación da persoa responsable da tramitación ante a EGAP

B. Denominación, obxectivo e metodoloxía da acción formativa. A impartición de actividades na modalidade de teleformación deberá adecuarse aos estándares fixados pola EGAP.

C. Programa e número de horas lectivas

D. Lugar, data e horario de realización

E. Sistema de avaliación do alumnado

F. Criterios de selección que terán que axustarse a criterios obxectivos tendo en conta a relación do contido da acción coas tarefas do posto desempeñado. Subsidiariamente empregaranse os da Resolución do 10 de maio de 2023 (DOG do 23 de maio), pola que se fan públicos os criterios de participación nas actividades docentes da EGAP.

G. Destinatarios, número de asistentes. Debe ser preferentemente persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia.

H. Perfil do profesorado que impartirá as clases. Se están determinados, unha relación dos docentes cos seus currículos e con indicación da súa inscrición no Rexistro de Formadores da EGAP.

2. Unha vez recibida a memoria, a EGAP a examinará e comprobará o cumprimento dos anteditos requisitos. No caso de que se cumpran, así llo comunicará á entidade



promotora quen a continuación deberá manifestarlle á EGAP o prazo de matrícula cunha antelación suficiente ao comezo da acción formativa de cara a que a EGAP poida publicar no Diario Oficial de Galicia e/ou na páxina web da EGAP a convocatoria da actividade formativa e os alumnos poidan matricularse, o que deberán facer na área de matrícula da EGAP <https://egap.xunta.gal/matricula>.

3. Así mesmo, segundo o establecido na antedita resolución, as entidades promotoras de accións formativas deberán remitir ao Servizo de Programación das actividades de Formación da EGAP, no momento de finalizar a actividade formativa, e no prazo máximo de dous meses, unha **memoria-resumo** que faga referencia aos seguintes aspectos:

- a) A relación de docentes cos seus respectivos currículos para o caso de que non estiveran determinados no momento de presentarse a memoria anterior.
- b) Relación certificada de participantes que cumpran os requisitos necesarios para ter dereito á expedición do certificado. Para os efectos de obtención do certificado de aproveitamento, relación certificada de participantes indicando a avaliación do alumnado.
- c) Copia do material didáctico empregado. No caso de actividades de teleformación, ademais facilitarase á EGAP durante o desenvolvemento do curso un acceso a elas na plataforma correspondente.
- d) Resultado global das enquisas de valoración realizadas polos participantes.
- e) Controis de asistencia. Para os efectos da expedición dos certificados, son de aplicación os requisitos de asistencia previstos pola EGAP.

#### **CUARTA. Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento**

Establecerase unha Comisión Mixta integrada por representantes de cada unha das partes. Actuarán como representantes, por parte da EGAP, a persoa responsable da Secretaría Xeral e un xefe ou xefa de servizo que designe a persoa titular da dirección, ou persoas en quen deleguen; e por parte de Augas de Galicia,



a persoa titular da Xerencia e a persoa titular da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, ou persoas en quen deleguen.

Serán funcións desta Comisión Mixta de Seguimento:

1. Velar polo cumprimento do convenio.
2. Concretar, seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas do presente convenio.
3. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
4. Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
5. En xeral, as que o artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, lle atribúe o órgano de vixilancia e control.
6. Concreción, seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

### **QUINTA. Orzamento**

A sinatura deste convenio non implica, por parte da EGAP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia durante os anos de vixencia do presente convenio.

### **SEXTA. Inexistencia de relación laboral**

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a EGAP.

### **SÉTIMA. Dereitos de uso e propiedade industrial e intelectual**

Os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre a totalidade das creacións resultado deste convenio, son titularidade conxunta da EGAP e de Augas de Galicia.



As partes necesitan a autorización expresa da outra para proceder á edición, representación, gravación e reprodución audiovisual, informática, ou por calquera outro medio, formato ou soporte, do resultado e dos materiais froito do desenvolvemento do proxecto.

### **OITAVA. Modificación, denuncia e resolución do convenio**

As partes poderán modificar ou resolver este convenio en calquera momento por mutuo acordo.

Así mesmo, poderán denunciar este convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun aviso previo de quince días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará a outra para resolvelo, cos efectos que legalmente procedan.

### **NOVENA. Réxime xurídico e resolución de conflitos**

Este convenio ten natureza administrativa e rexeráse pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto polas normas de dereito privado.

Terase en conta o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en especial no que se refire á publicidade deste convenio.

De conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de Racionalización do sector público autonómico, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio de colaboración, serán de coñecemento e competencia da Orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.



## DÉCIMA. Consentimento das partes en materia de protección de datos

As persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e mais o resto de especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo as persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que as súas rúbricas deste consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal.

## DÉCIMO PRIMEIRA. Vixencia

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura por todas as partes ata o 31 de decembro de 2028, podendo prorrogarse por mutuo acordo das partes antes da súa finalización, ou de cada unha das súas prórrogas, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese electronicamente.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Pola Entidade Pública  
Empresarial Augas de Galicia,

Pola Escola Galega de  
Administración Pública,

Dna. Ángeles Vázquez Mejuto

Dna. Sonia Rodríguez-Campos  
González

